

CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

Decreto 28/2009, do 29 de xaneiro, polo que se crea a reserva mariña de interese pesqueiro Ría de Cedeira.

A zona litoral constitúese como un espazo económico de elevado interese no que conflúen múltiples usos onde a protección dos valores naturais, patrimoniais, culturais e sociais se amosa cada vez máis complexa. As diferentes actividades humanas que exercen presión sobre esta zona, ben sexa a través da pesca ou ben doutras intervencións que alteran a dinámica litoral ou reducen a calidade das masas de auga, á vez que son fonte de riqueza económica e social, comportan tamén desequilibrios ambientais que repercuten negativamente na explotación dos recursos pesqueiros e marisqueiros, no conxunto da flora e fauna mariñas así como na vitalidade dos ecosistemas mariños en ocasións máis aló da súa capacidade de rexeneración.

Desde hai unhas décadas, diferentes acordos internacionais e normas da Unión Europea veñen establecendo a base doutrinal para a protección e conservación dos nosos mares e océanos, conformando un marco xurídico que permita o mantemento da biodiversidade así como a preservación duns mares limpos nos que a explotación dos recursos pesqueiros sexa sustentable.

A creación de reservas mariñas de interese pesqueiro encádrase completamente nesta filosofía compatibilizando a protección de áreas xeográficas para o manexo de recursos de acordo coa categoría VI da clasificación da UICN así como co artigo 7 do Código de conduta para unha pesca responsable da FAO, o cal avoga por adoptar medidas de ordenación pesqueira que leven á conservación e uso sustentable a longo prazo dos recursos pesqueiros. Neste senso, as reservas mariñas de interese pesqueiro encaixan perfectamente coas recomendacións dos máximos organismos internacionais.

A delimitación de áreas nas augas interiores de Galicia baixo unha fórmula proteccionista materializouse recentemente coa creación, mediante o Decreto 87/2007, do 12 de abril, da primeira reserva mariña de interese pesqueiro fronte ás costas da localidade de Lira, Os Miñarzos, que supuxo unha importante novidade na regulamentación desta materia na nosa comunidade autónoma.

Evidencias científicas amosan que este tipo de áreas mariñas protexidas non son tan só poderosas ferramentas para a conservación da diversidade biolóxica salvagardando a integridade dos ecosistemas, senón que tamén ofrecen, baixo a aplicación dun axeitado deseño, xestión e control, o tan necesario pulo para as pesqueiras e a súa sustentabilidade en que deben involucrarse desde o inicio os propios pescadores coa súa participación na toma de decisións, comprometéndose non só co medio mariño,

senón tamén coa Administración e coa sociedade en xeral.

Trátase, en síntese, de abordar modelos da xestión de pesqueiras desde unha perspectiva diferente e máis efectiva, que ademais de permitir indirectamente achegar novas oportunidades socioeconómicas aos pescadores e ás comunidades costeiras a través do turismo, do lecer e da cultura mariñeira, permite directamente influír na economía das comunidades pesqueiras, en toda a súa extensión.

Isto último é posible mediante a recuperación das poboacións dos recursos explotados conseguida a través da protección de áreas de posta e cría, a mellora da estrutura demográfica, o aumento do potencial reprodutivo ou a posibilidade de exportar biomasa a zonas próximas da área mariña protexida.

A ría de Cedeira constitúe un espazo de indubidable singularidade paisaxística e alto valor ecolóxico, que a Confraría de Pescadores de Cedeira, tras a determinación da súa idoneidade mediante estudos de carácter pesqueiro e ecolóxico, propuxo que se lle outorgase un marco de protección dirixido ao interese pesqueiro.

O proceso incluíu desde o seu inicio o establecemento dun sistema de participación dos pescadores concretado na constitución dun grupo de traballo mixto encargado da elaboración dunha proposta de xestión de acordo cos coñecementos e coa experiencia baseada no coñecemento tradicional dos propios profesionais do mar de Cedeira. No funcionamento da reserva recóllese ademais a participación dos pescadores no seu órgano de xestión, seguimento e control.

Coa creación desta reserva, Galicia segue no camiño de fomentar a protección do ambiente e dos recursos naturais, así como de promover o desenvolvemento sustentable e a mellora da calidade de vida nas zonas marítimas, lacustres e costeiras en que se exercen actividades de pesca e de acuicultura, en concordancia cos obxectivos definidos polo Fondo Europeo da Pesca como finalidade das súas intervencións no período 2007-2013.

As actividades permitidas e limitacións de uso na reserva mariña de interese pesqueiro, xunto coa creación de dúas zonas de especial protección e unha de reserva integral, garanten os obxectivos de protexer, rexenerar e desenvolver os recursos de interese pesqueiro permitindo a sustentabilidade das pesqueiras artesanais da zona. Así mesmo, contribúese á conservación da biodiversidade e á recuperación do ecosistema mariño posibilitando a xeración de novas oportunidades socioeconómicas que redunden tanto nos propios pescadores como na vila de Cedeira e nos seus habitantes.

Na súa virtude, por proposta da conselleira de Pesca e Asuntos Marítimos, de acordo co ditame do Consello Consultivo de Galicia, e logo de delibera-

ción no Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día vinte e nove de xaneiro de dous mil nove,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-*Obxecto e finalidade.*

1. O obxecto deste decreto é a creación da reserva mariña de interese pesqueiro Ría de Cedeira. Enténdese por reserva mariña de interese pesqueiro, aquela zona de especial interese para a preservación e a rexeneración dos recursos mariños pola súa condición de áreas de reprodución, desova, cría ou engorda de especies de interese pesqueiro ou marisqueiro.

2. Os fins perseguidos no ámbito da reserva son os seguintes:

a) Protexer e favorecer a rexeneración dos recursos pesqueiros.

b) Impulsar a pesca artesanal e o marisqueo a través de medidas encamiñadas a acadar unhas actividades responsables e sustentables.

c) Conservar e protexer a flora e a fauna do medio mariño e a súa diversidade.

d) Fomentar a sensibilización ambiental sobre o medio mariño.

e) Divulgar os valores pesqueiros e ambientais da costa galega.

f) Favorecer os estudos científicos sobre as distintas especies así como as medidas de protección dos recursos e xestión das pesqueiras.

g) Posibilitar o desenvolvemento e a aplicación de modelos de xestión pesqueira coa participación dos/as profesionais da pesca e do marisqueo no seu deseño e posta en práctica.

Artigo 2º.-*Delimitación da reserva mariña de interese pesqueiro.*

A reserva mariña de interese pesqueiro Ría de Cedeira comprende as augas interiores da Comunidade Autónoma de Galicia da boca da ría de Cedeira, delimitada pola liña da preamar máxima viva equinoccial e pola liña recta imaxinaria que une O Ensebadoiro e punta de terra da Chirlateira e definida polas seguintes coordenadas, representadas graficamente no anexo deste decreto, referidas ao DATUM WGS-84:

Referencias toponímicas	Latitude	Lonxitude
O Ensebadoiro	43° 40.815' N	8° 04.518' W
Punta de terra da Chirlateira	43° 39.958' N	8° 05.413' W

Artigo 3º.-*Zonas especiais.*

Dentro do ámbito da reserva mariña delimitada no artigo anterior establécense zonas especiais entendendo como tales aquelas que polas súas características, desde o punto de vista pesqueiro e ecolóxico, e a súa relevancia de cara á consecución dos fins

perseguidos no ámbito da reserva, requiren dunha protección máis intensa. As anteditas zonas, que aparecen recollidas e cartografadas no anexo e cuxas coordenadas están referidas ao DATUM WGS-84, son as seguintes:

1. Reserva integral de Esteiro: área marítima delimitada pola recta poligonal definida polas seguintes coordenadas:

Latitude	Lonxitude
43° 38.390' N	8° 04.097' W
43° 38.162' N	8° 03.871' W
43° 38.163' N	8° 03.519' W
43° 38.314' N	8° 03.491' W
43° 38.472' N	8° 03.965' W

2. Zona de especial protección de Vilarrube (en diante ZEP I-Vilarrube): área marítima delimitada.

a) Ao sur pola liña da baixamar escorada (cota 0 de marea).

b) Ao norte pola liña imaxinaria que une punta Robaleira co Forno e definida polas seguintes coordenadas:

Referencias toponímicas	Latitude	Lonxitude
Punta Robaleira	43° 39.057' N	8° 04.223' W
O Forno	43° 39.125' N	8° 04.928' W

3. Zona de especial protección da boca da ría (en diante ZEP II-Boca da ría): área marítima delimitada polas liñas imaxinarias que unen entre si:

a) Ao sur a punta Castrelo e punta Folgoso.

Referencias toponímicas	Latitude	Lonxitude
Punta Castrelo	43° 39.731' N	8° 05.224' W
Punta Folgoso	43° 40.086' N	8° 04.513' W

b) Ao norte punta de terra da Chirlateira e O Ensebadoiro.

Referencias toponímicas	Latitude	Lonxitude
Punta de terra da Chirlateira	43° 39.958' N	8° 05.413' W
O Ensebadoiro	43° 40.815' N	8° 04.518' W

Artigo 4º.-*Actividades permitidas e limitacións de uso na reserva mariña.*

Con carácter xeral, dentro da reserva mariña e por fóra das zonas especiais queda prohibida a práctica da pesca marítima, a extracción de fauna e flora e a realización de actividades subacuáticas, coas excepcións seguintes:

a) A pesca marítima profesional coas artes e aparellos tradicionalmente utilizados na zona: anzois, nasas, enmalle nas modalidades tradicionalmente autorizadas e de conformidade co establecido no Plan de xestión integral a que se refire o artigo 7º.

b) A recollida de ourizo, percebe, navalla e lonqueirón ou calquera outro recurso específico que se recolla no marco do Plan de xestión integral.

c) O marisqueo a pé e a recollida de algas, conforme as normas recollidas no Plan de xestión integral.

d) A recollida de mexilla que unicamente poderá realizarse mediante acordo entre as confrarías de pescadores do ámbito da reserva mariña e as persoas concesionarias de bateas ou liñas de cultivo.

e) A mostraxe de flora e fauna mariñas que se autoricen expresamente con fins científicos ou de seguimento da reserva mariña.

f) A pesca marítima de recreo en superficie.

g) O mergullo de lecer nas condicións que regulamentariamente se establezan. As persoas que realicen mergullo non levarán ningún instrumento que poida utilizarse para a pesca ou extracción de especies mariñas, exceptuando un coitelo por razóns de seguridade.

Artigo 5º.-Actividades permitidas e limitacións de uso na reserva integral de Esteiro.

Dentro da área de reserva integral de Esteiro queda prohibida a práctica da pesca marítima, a extracción de fauna e flora e a realización de actividades subacuáticas, coa excepción das actividades e toma de mostraxes autorizadas expresamente pola dirección xeral competente en materia de recursos mariños logo do informe do órgano de xestión, seguimento e control, con fins científicos ou de seguimento da propia área mariña.

Artigo 6º.-Actividades permitidas e limitacións de uso nas zonas de ZEP-I-Vilarrube e ZEP-II-Boca da ría.

Dentro das zonas de protección especial queda prohibida a práctica da pesca marítima, a extracción de fauna e flora e a realización de actividades subacuáticas, coas excepcións seguintes:

a) A pesca con artes de enmalle dentro da ZEP I-Vilarrube nas modalidades tradicionalmente empregadas e de conformidade co establecido no Plan de xestión integral a que se refire o artigo 7º.

b) A extracción de percebe dentro da ZEP II-Boca da ría, conforme o Plan de xestión integral.

c) O mergullo de lecer dentro da ZEP II- Boca da ría, nas condicións establecidas na letra g) do artigo 4º.

d) As actividades e toma de mostraxes autorizadas expresamente pola dirección xeral competente en materia de recursos mariños logo do informe do órgano de xestión, seguimento e control da reserva, con fins científicos ou de seguimento da propia área mariña.

Artigo 7º.-Réxime de xestión da reserva.

1. As actividades pesqueiras e marisqueiras recollidas nas letras a), b), c) e d) do artigo 4º así como a) e b) do artigo 6º desenvolveranse no marco dun Plan de xestión integral en que se recollerán as medidas específicas para cada unha das pesqueiras e zonas dentro da reserva.

2. O Plan de xestión integral será aprobado pola dirección xeral competente en materia de recursos mariños, logo de informe do órgano de xestión, seguimento e control da reserva.

A proposta do Plan de xestión integral será elaborada polas entidades asociativas que representen os/as profesionais da pesca e o marisqueo incluídos/as no censo ao que se refire o artigo 9º.

3. O Plan de xestión integral poderá ter unha vixencia de entre seis meses e tres anos e terá que ser presentado cunha anticipación mínima de 3 meses ao vencemento do plan de xestión anterior. Cando non exista ningunha proposta presentada, a dirección xeral competente en materia de recursos mariños poderá aprobar de oficio, logo de informe do órgano de xestión, seguimento e control un Plan de xestión.

4. No Plan de xestión integral poderán recollese medidas e/ou normas distintas ás establecidas nas disposicións regulamentarias, co obxectivo de adoptar as medidas de explotación necesarias que permitan conseguir unha explotación racional dos recursos pesqueiros e marisqueiros na reserva.

Artigo 8º.-Condicións de acceso.

1. Poderán exercer a pesca marítima profesional no ámbito da reserva mariña as embarcacións de arqueo igual ou inferior a 1,5 GT.

Non se lles aplicará a limitación anterior ás embarcacións habilitadas legalmente para a captura do percebe, que só se poderán dedicar á extracción desta especie, nin ás despachadas con artes de anzol e autorizadas a capturar patexo para o seu emprego como engado vivo. Nestes dous casos as embarcacións só poderán dedicarse á captura do percebe no primeiro suposto e á de patexo, no segundo.

Co fin de adecuar as posibilidades reais de pesca ao estado dos recursos e ás características da frota, a dirección xeral competente en materia de recursos mariños, por proposta do órgano de xestión, seguimento e control, poderá autorizar temporalmente o acceso a embarcacións de arqueo superior a 1,5 GT. En todo caso, respectaranse os fins perseguidos no ámbito da reserva e recollidos no artigo 1.2 deste decreto e teranse en conta os informes técnicos emitidos ao respecto.

2. Para a realización das actividades pesqueiras e marisqueiras profesionais autorizadas na reserva será necesario estar inscrito nun censo específico de titulares dos permisos que os habilite para exercer esas actividades.

No caso das embarcacións a que se refire o segundo parágrafo do número 1 deste artigo, farase constar no censo a limitación da actividade.

3. Para realizar as actividades de mostraxe de flora e fauna permitidas na letra e) do artigo 4º, artigo 5º e letra d) do artigo 6º será necesario o permiso de acceso previo da dirección xeral competente en materia de recursos mariños.

4. Para realizar a pesca marítima de recreo e o mergullo de lecer será necesario dispoñer dos permisos xerais correspondentes. Non obstante, por proposta do órgano de xestión, seguimento e control poderá limitarse o número de persoas ou embarcacións que poidan acceder ao ámbito da reserva para o exercicio destas actividades. Neste caso, requirira-

se un permiso de acceso específico outorgado pola dirección xeral competente en materia de recursos mariños.

Artigo 9º.-Censo específico de titulares de permisos.

1. A consellería competente en materia de pesca elaborará o censo a que se refire o artigo anterior, que será aprobado por resolución da dirección xeral competente en materia de recursos mariños, logo da solicitude da persoa interesada e informe do órgano de xestión, seguimento e control.

2. Serán requisitos necesarios para a inscrición no censo:

a) A solicitude da persoa interesada.

b) Estar en posesión dos permisos que habilitan a embarcación ou persoa para o exercicio da actividade pesqueira ou marisqueira no ámbito da reserva.

c) Ter porto base na comunidade autónoma, no caso das embarcacións.

3. O censo actualízase por proposta do órgano de xestión, seguimento e control, de acordo cos criterios de habitualidade na zona, as capturas realizadas na reserva e a concorrencia de causas de exclusión. A actualización farase coincidir, preferentemente, coa aprobación do Plan de xestión integral da reserva. En tanto non se acorde a actualización do censo, non se poderán incorporar a el novos titulares de permisos para exercer a actividade pesqueira e marisqueira.

4. Serán causas de exclusión do censo, ademais da que resulte da actualización, o incumprimento da normativa de uso e xestión da reserva e a negativa á realización do control das actividades polo Servizo de Gardacostas ou polo persoal de seguimento e control, sen prexuízo das responsabilidades en que se poida incurrir. No procedemento que se instrúa para o efecto daráselle audiencia á persoa interesada, que poderá efectuar as alegacións e propoñer as probas que crea convenientes. O órgano competente para resolver sobre a exclusión do censo será a persoa titular da dirección xeral competente en materia de recursos mariños.

Artigo 10º.-Órgano de xestión, seguimento e control.

1. Co fin de constatar a evolución da reserva mariña e de asegurar o cumprimento dos obxectivos establecidos no presente decreto, créase o órgano de xestión, seguimento e control.

2. O órgano de xestión, seguimento e control estará constituído por oito membros designados pola consellería competente en materia de pesca, que procurará unha participación equilibrada de homes e mulleres:

a) Tres en representación da consellería competente en materia de pesca.

b) Un en representación da consellería competente en materia de ambiente.

c) Tres en representación da Confraría de Pescadores de Cedeira.

d) Un en representación do sector pesqueiro por proposta da Federación Galega de Confrarías.

A consellería competente en materia de pesca designará a presidencia e a secretaría do órgano de xestión, seguimento e control entre os representantes da Administración.

O órgano de xestión poderá incorporar ás súas reunións persoal asesor para informe e debate dos asuntos que se consideren oportunos.

3. O funcionamento do órgano de xestión, seguimento e control axustarase ao disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, para os órganos colexiados. En caso de empate nas votacións, este será dirimido polo voto do presidente.

4. Son funcións do órgano de xestión, seguimento e control:

a) A xestión da reserva mariña en todos os elementos previstos neste decreto, así como a supervisión e coordinación das actividades do persoal asignado á xestión, seguimento e control da reserva.

b) O seguimento da evolución e estado da reserva mariña no cumprimento dos seus obxectivos pesqueiros e de conservación da flora e fauna mariña. Con tal obxecto informará o programa de seguimento científico da reserva con anterioridade á súa aprobación e coordinará o seu desenvolvemento.

c) Propoñer e/ou informar as propostas de modificación da normativa reguladora da reserva así como dos modelos de xestión e condicións de uso dos espazos desta que leven a un desenvolvemento sustentable das actividades pesqueiras e marisqueiras.

d) Emitir informe no procedemento de elaboración e actualización do censo específico de titulares de permisos autorizados a faenar na reserva e informar o Plan de xestión integral.

e) Propoñerlle á Administración competente as limitacións á navegación e fondeadura con embarcacións e outros artefactos no ámbito da reserva.

f) Informar anualmente da situación da reserva mariña e dos seus resultados aos/ás pescadores/as e mariscadores/as e sectores afectados, así como divulgar os valores pesqueiros e ambientais da reserva ao público en xeral fomentando a sensibilización ambiental e a pesca e o desenvolvemento sustentable. Para estes fins propondrá a realización de actividades de formación, información e divulgación en relación coa reserva.

g) O control das actividades realizadas no ámbito da reserva mariña, para o cal propondrá o plan anual e as medidas de vixilancia que deberán efectuarse.

h) Aquelas que lle encomende a Administración pesqueira en relación coa reserva mariña.

Artigo 11º.-Control e seguimento das actividades na reserva mariña.

1. A consellería competente en materia de pesca facilitará os medios necesarios para o control e seguimento por parte do órgano de xestión, segui-

mento e control das actividades realizadas no ámbito da reserva mariña que permitan garantir o cumprimento das súas normas de uso e xestión.

2. Todos/as aqueles/as que efectúen a actividade pesqueira e/ou marisqueira no ámbito da reserva mariña estarán obrigados/as a remitir toda a información referida á actividade realizada dentro da dita área ao órgano de xestión, seguimento e control para os efectos de obter un seguimento científico das pesqueiras e de control efectivo.

3. O Servizo de Gardacostas realizará o control da actividade e a comprobación das capturas realizadas, sen prexuízo do seguimento que leve a cabo o órgano de xestión, seguimento e control.

Artigo 12º.-*Vixilancia.*

O Servizo de Gardacostas de Galicia elaborará un plan de vixilancia anual da reserva mariña en que se terán en conta as medidas específicas de vixilancia e control propostas polo órgano de xestión, seguimento e control para asegurar o cumprimento dos obxectivos previstos nesta norma.

Artigo 13º.-*Infraccións e sancións.*

1. O órgano de xestión porá en coñecemento da consellería competente en materia de pesca as actividades que supoñan unha vulneración da normativa que rexe a reserva mariña.

2. As vulneracións do disposto neste decreto que constitúan infracción administrativa serán sancionadas consonte a normativa que sexa de aplicación.

Artigo 14º.-*Financiamento.*

A consellería competente en materia de pesca, por proposta do órgano de xestión, seguimento e control, e conforme a normativa en vigor, poderá elaborar propostas para o establecemento de taxas ou prezos públicos polo uso dos servizos ou emisión de permisos de acceso das actividades non profesionais que se realizarán na reserva mariña.

Disposicións adicionais

Primeira.-A disposición dos medios para o financiamento da reserva mariña no que se refire ao establecido neste decreto atenderase coas dotacións orzamentarias da consellería competente en materia de pesca e para o período comprendido ata o 2013 no marco do eixe prioritario 3 do Regulamento (CE) Nº 1198/2006 do Consello, do 27 de xullo de 2006, relativo ao Fondo Europeo de Pesca.

Segunda.-O órgano de xestión, seguimento e control constituirase no prazo de seis meses desde a entrada en vigor deste decreto.

Terceira.-O censo elaborárase no prazo máximo de doce meses contados desde a entrada en vigor deste decreto.

Cuarta.-No prazo máximo de dezaioito meses desde a entrada en vigor deste decreto terá que ser aprobado o Plan de xestión integral a que se refire o artigo 7º.

Quinta.-A consellería competente en materia de pesca poderá ditar medidas de xestión para a extrac-

ción de determinadas especies así como aprobar plans experimentais para a utilización de determinadas artes ou aparellos de pesca en función dos informes técnicos sobre a evolución e o estado da reserva mariña.

Sexta.-A pesca con artes de enmalle non estará suxeita ás limitacións espaciais establecidas polos artigos 38.1º e 42 do Regulamento da actividade pesqueira e das artes e aparellos de pesca permisibles en Galicia, aprobado polo Decreto 424/1993, do 17 de decembro.

Sétima.-Unicamente poderán extraer a mexilla no ámbito da área mariña os titulares de permisos de explotación a pé así como aquelas embarcacións habilitadas para a captura do percebe e sempre baixo as condicións recollidas nos artigos 4º e 7º deste decreto.

Disposicións transitorias

Primeira.-Ata a constitución do órgano de xestión, seguimento e control, as súas funcións serán realizadas pola dirección xeral competente en materia de recursos mariños.

Segunda.-En tanto non se aprobe o Plan de xestión integral seguirán en vigor as normas de xestión que estivesen aprobadas e en vixencia e aquelas outras que se aproben no período.

Terceira.-Ata que sexa elaborado o censo que se define no artigo 7º deste decreto, a actividade pesqueira e marisqueira profesional no ámbito da reserva mariña será realizada polas mesmas embarcacións e titulares dos permisos de explotación para o marisqueo a pé que ata o de agora a veñen realizando. En calquera caso deberán respectarse as normas de actividade establecidas neste decreto.

Disposición derogatoria

Única.-Queda derogada a Orde do 19 de xaneiro de 2000 pola que se crea o polígono de viveiros Cedeira A, e se declara como zona de interese especial de cultivos mariños (DOG nº 35 do 21 de febreiro).

Disposicións derradeiras

Primeira.-*Competencias de desenvolvemento.*

Facúltase a consellería competente en materia de pesca para ditar as ordes e resolucións necesarias para o desenvolvemento desta disposición.

Segunda.-*Entrada en vigor.*


Este decreto entrará en vigor aos vinte (20) días da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, vinte e nove de xaneiro de dous mil nove.

Emilio Pérez Touriño
Presidente

Carmen Gallego Calvar
Conselleira de Pesca e Asuntos Marítimos

ANEXO
DELIMITACIÓN DA RESERVA MARIÑA DE INTERESE PESQUEIRO RIA DE CEDEIRA



Coordenadas Reserva Mariña		Reserva Integral de Esteiro		ZEP I - Vilarrube		ZEP II - Boca da ría	
Latitude	Lonxitude	Latitude	Lonxitude	Latitude	Lonxitude	Latitude	Lonxitude
O Ensebadoiro	43° 40.815' N 8° 04.518' W	43° 38.390' N	8° 04.097' W	Ao sur pola liña da baixamar escorada (cota 0 de marea)		Ao sur:	
Pta. de terra da Chirlateira	43° 39.958' N 8° 05.413' W	43° 38.162' N	8° 03.871' W	Ao norte:		Pta. Castelo	43° 39.731' N 8° 05.224' W
		43° 38.163' N	8° 03.519' W	Pta. Robaleira	43° 39.057' N 8° 04.223' W	Pta. Folgoso	43° 40.086' N 8° 04.513' W
		43° 38.314' N	8° 03.491' W	O Forno	43° 39.125' N 8° 04.928' W	Ao norte:	
DATUM		43° 38.472' N	8° 03.965' W			Pta. de terra da Chirlateira	43° 39.958' N 8° 05.413' W
WGS-84						O Ensebadoiro	43° 40.815' N 8° 04.518' W